

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA CATRO DE DECEMBRO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ -LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catro de decembro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e sete de novembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 2.129/07 de don Juan Alvela López

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de aproximadamente 14 mts de lonxitude, no lugar de A Lagoa, en solo de expansión de núcleo rural (N2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial; garantirase o natural discurrir das augas; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de

fabrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Así mesmo a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e dous euros (#32,00#)

2.2.- Instancia num. 2.139/07 de don Manuel Barreiro Barcia

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a condución de canalización pola gábea, no lugar de Cibrán.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións na que estaba e quedará enrasada co vial de maneira que non sobresaia.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.3.- Instancia num. 2.092/07 de dona Delia Valdés Lobato

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Cristovo de Merín, solicita licenza para a colocación de tubos na gábea, no lugar de Recarei.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de augas e non inferior a 400 mm de diámetro; deberase colocar unha arqueta de rexistro cada 6 mts; non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e quedará enrasado co vial de maneira que non sobresaia.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.4.- Instancia num. 2.130/07 de don Manuel González Riveiro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a construción dun cerramento con postes

e arame, de aproximadamente 480 mts de lonxitude, no lugar de Francés en solo de expansión de núcleo rural (N2) e solo rústico de protección agrícola (SA).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial que pasa polo fronte da parcela. Na zona oeste da finca a distancia será de 4,00 mts nun fondo de 30 mts dende o vial principal e no resto será de 6,00 mts; garantirase o natural discorrer das augas; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento oitenta e cinco euros con cincuenta e sete céntimos (#185,57#).

2.5.- Instancia num. 2.059/07 de dona Esther Liste Valdés

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda consistente no cambio do tellado por tella e uralita, de aproximadamente 70 m2, situada en Chao - San Mamede de Ribadulla, en solo de núcleo rural (N1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e tres euros con trinta céntimos (#53,30#).

2.6.- Instancia num. 2.113/07 de don Gerardo A. Ferradáns Moure

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en nome e representación de Inversiones Ferramor, S.L., expón que a Xunta de Goberno concedeulle con data 02/06/2005 licenza para a construción dunha vivenda (licenza 115/05) en Neira de Arriba -San Mamede, e dado que non se vai executar o citado proxecto solicita a anulación da licenza e a devolución do imposto correspondente.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado.

2.7.- Instancia num. 2.112/07 de don Gerardo A. Ferradáns Moure

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en nome e representación de Inversiones Ferramor, S.L, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Neira de Arriba -San Mamede de Ribadulla, en solo de expansión de núcleo rural (N2), segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado pola arquitecta dona Mónica López Corcoba cun orzamento de 96.537,62 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Así mesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de tres mil corenta e sete euros con vinte e seis céntimos (#3.047,26#).

3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais


3.1.- Escrito num. 1.832/07 de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Luis A. García Gutiérrez, en representación de Oviga, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra de construción de beirarrúas en Vedra, Fase II, por importe de mil trescentos corenta e catro euros (#1.344,00#).

Dáse conta asimismo que durante o periodo de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado.

3.2.- Escrito num. 1.841/07 e 1.842/07 de Oficina de Planeamiento, S.A



Dáse conta do citado escrito no que don Anxel Viña Carregal, en representación de Oficina de Planeamiento S.A, solicita a devolución dos avais constituídos para responder das obrigas derivadas dos contratos de redacción do PXOM e da adaptación do mesmo á lei 9/2002, por importe de dous mil novecentos vinte e oito euros con trece céntimos (#2.928,13#) e setecentos dezaseis euros con vinte e tres céntimos (#716,23#) respectivamente.

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado.

4º.- Acordo, se procede, sobre aprobación inicial da ordenanza fiscal nº 21 reguladora do servizo de fisioterapia

Dáse conta da ordenanza fiscal reguladora do servizo de fisioterapia

A Xunta de Goberno, sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno da Corporación, acorda:

1º.- Aprobar provisionalmente a imposición da taxa por servizo de fisioterapia e a Ordenanza Fiscal reguladora da mesma

2º.- Darlle ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do mesmo do Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas

3º.- Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ó expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo de acordo co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5º.- Escritos varios

5.1.- Escrito num. 2.150/07 de don Miguel A. Méndez López

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Cazorráns -San Cristovo de Merín, expón que é titular de título de familia numerosa de categoría xeral, polo que solicita a renovación da bonificación no imposto sobre bens inmobles de natureza urbana (IBI).

A Xunta de Goberno, de acordo co establecido no artigo 14.3 da ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, acorda concederlle unha bonificación do 45% na cota íntegra do citado imposto.

5.2.- Escrito num. 2.156/07 de don Antonio Iglesias Raviña

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Pousada de Abaixo -Vedra, expón que é titular de título de familia numerosa de

categoría xeral, polo que solicita a renovación da bonificación no imposto sobre bens inmobles de natureza urbana (IBI).

A Xunta de Goberno, de acordo co establecido no artigo 14.3 da ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, acorda concederlle unha bonificación do 45% na cota íntegra do citado imposto.

6º.- Outros Asuntos

6.1.- Escrito num. 2.109/07 da Asociación Cultural Amigos da Camelia do Val do Ulla

Dáse conta do citado escrito no que dona Montserrat de la Fuente Fernández, en calidade de Secretaria da Asociación Cultural Amigos da Camelia do Val do Ulla, solicita que lle sexa pagada a parte proporcional da actuación da Banda de Música de Melide, incluída no programa de música e teatro non profesionais da Deputación Provincial, do día vinte de abril na Casa da Terceira Idade, que ascende á cantidade de douscentos setenta (#270,00#) euros

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado.

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e corenta minutos

